

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 116****TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS)  
MUNICIPAIS****ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.**

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos nas Escolas Infantís (0-3 anos) municipais na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO**

Están obrigados ó pagamento desta taxa os usuarios ou beneficiarios dos respectivos servizos.

**ARTIGO 3º. CONTÍA**

1. Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das taxas, teranse en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar. A súa aplicación computarase segundo o seguinte:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

1. As/os fillas/os menores, con excepción dos que, con consentimento das/os nais/pais, vivan independentes destas/es.
2. As/os fillas/os maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
3. As/os fillas/os maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no momento da solicitude da praza, dacordo coas seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das correspondentes certificacións tributarias emitidas pola Axencia Tributaria das declaracións do IRPF, ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monomarentais ou monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

2. A contía que corresponde aboar pola prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza determinarase segundo a cantidade fixa ou en función dos elementos ou factores que se indican:

Renda "per capita" mensual	Cota mensual
De 0 a 147,23 €	Exento
De 147,24 a 245,40 €	23,55 €
De 245,41 a 368,10 €	59,10 €
De 368,11 a 490,80 €	94,60 €
De 490,81 a 739,20 €	147,85 €
De 739,21 € en diante	165,60 €

#### **ARTIGO 4º. OBRIGA DE PAGAMENTO.**

A obriga de pagamento nace en xeral dende que se inicie a prestación do servizo.

#### **ARTIGO 5º. DOMICILIACIÓN DE PAGAMENTO**

Para os efectos de cobro, as familias que utilicen este servizo terán a obriga de presentar unha conta bancaria ao seu nome, onde se cargarán por adiantado os primeiros días de cada mes os recibos correspondentes a cada mensualidade.

#### **ARTIGO 6º. INCIDENCIAS**

1.- A inasistencia da usuaria ou do usuario durante un período determinado mentres non se formalice a baixa correspondente non supón redución ningunha nin exención do pagamento da taxa establecida coas seguintes excepcións:

a) Cando por causa debidamente xustificada a nena ou o neno deixe de asistir temporalmente á escola. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia á escola, e durará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación da nena ou neno á escola.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase ao 50 por cento.

b) Nos supostos de incorporación unha vez iniciado o curso escolar, o aboamento da taxa será dende o mes en que se lle concede a praza.

c) Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran variacións nos ingresos, que supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20 por cento no cómputo anual fronte aos declarados na solicitude ou reserva de praza, variacións que deberán ter unha duración dun mínimo de 3 meses para ser tidas en conta. Tal revisión de prezo poderá realizarse de oficio, ou mediante solicitude por escrito da familia afectada que deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante escrito firmado polo suxeito pasivo, achegando a documentación acreditativa da situación.

d) Cando as familias dos nenos ou das nenas matriculadas/os nas escolas municipais soliciten baixa terán que presentalas no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre antes do día 20 do mes anterior ao mes no que queiran deixar a escola. De non ser así, as usuarias e os usuarios deberán aboar a cota correspondente, sen posibilidade de devolución.

As baixas na escola computaranse por mes completo no caso de incumprimento do parágrafo anterior.

e) Todas as familias aboarán a contía de once mensualidades por cada curso escolar de setembro a agosto.

Cando as familias usuarias -das escolas con apertura os doce meses do ano-, soliciten as vacacións anuais, estas computaranse por mensuralidade, semanas ou quincenas naturais.

No caso de vacacións mensuais descontarase unha mensuralidade completa.

No caso de vacacións por quincena descontarase a metade da contía mensual resultante.

No caso de vacacións por semanas descontarase o resultado de dividir entre 4 a contía mensual resultante, multiplicando o cociente obtido polo número de semanas solicitadas como período vacacional.

As familias deberán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre antes do día 20 do mes anterior ao mes no que desexen disfrutalas. De non ser así deberán aboar a cota correspondente, sen posibilidade de devolución.

No caso de peche da escola por un período de 5 días continuados, estes poderán computarse como vacacións, sempre e cando sexan solicitados como tales pola familia a través dos cauces establecidos, sempre antes do período de peche.

En caso de ausencia por enfermidade ou hospitalización da/o nena/o por un período igual ou superior a 15 días continuados, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data da inasistencia á escola, e durará ata o

primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación da nena ou neno á escola. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase ao 50 por cento.

Neste caso a solicitude deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acreditando tal circunstancia mediante informe médico no que se xustifique a necesidade do tempo de repouso ou de hospitalización.

## **ARTIGO 7º. DESCONTOS**

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar no artigo 3, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- As nenas e os nenos pertencentes a familias monomarentais ou monoparentais, descontos dun 20 por cento.
- As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán da exención total da cota.
- As familias con máis dun fillo/a terán gratuidade na cota.

A solicitude de concesión destes descontos deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas mediante escrito asinado polo suxeito pasivo, achegando a documentación acreditativa da situación.

## **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA**

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza fiscal será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidiarimante os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Tamén serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral así como os Regulamentos de Réxime Interno das escolas infantís municipais.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa<sup>18</sup>.

---

<sup>18</sup> O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 29 de outubro de 2020, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2021 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do 23/12/2020).